
Negociación sen participación nin transparencia

A maneira de comezar a negociación deste novo convenio pode indicarnos cara onde nos vai levando a “transformación” que a empresa ven aplicando: converter a negociación colectiva nun negocio entre socios, alleo ao colectivo de traballadores/as.

Para nós a representación social na mesa negociadora debera estar formada polo Comité Intercentros como nos anteriores convenios. Negociar un convenio para Telefónica de España SAU, e logo, se é o caso, integrar as empresas e actividades que se considere dentro de TESAU.

Se como é o caso, se vai negociar un Convenio Colectivo para tres empresas do grupo, entendemos que na mesa de negociación deben estar representados os legalmente recoñecidos como Sindicatos máis Representativos e así llo fixemos ver á empresa enviando unha carta á directora de RRHH para que nos convocasen á mesa de negociación.

A resposta negativa da empresa só nos deixa a vía xurídica (xa iniciada) para defender o noso dereito a participar da negociación, dereito que nos outorga a consideración de sindicato máis representativo da CIG a nivel galego (art 7.1 da Lei Orgánica de Liberdade Sindical) e do recollido no artigo 84 do propio Estatuto dos Traballadores.

De momento volve ser a empresa, coa necesaria colaboración dos seus socios minoritarios, a que impón as regras de xogo, a que establece como se conformará a mesa de negociación e a que vai poñer enriba da mesa todos os temas dos que se acabará falando.

É un precedente moi perigoso o que está pasando coa negociación deste convenio, deixar fóra a todas as organizacións agás CCOO e UGT implicará que todo queda entre socios polo que o nivel de transparencia e participación queda reducido ao mínimo, tamén implicará demandas xudiciais que complicarán aínda máis todo o proceso.

Está claro que as condicións laborais das tres empresa son ben diferentes e que a pretensión da dirección será igualar por abaixo, impondo en Telefónica de España condicións que xa existen nas outras dúas empresas.

O momento é bo para a empresa, sábeo e vaino aproveitar. Co voso permiso!

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 22 de xullo de 2015